

**CONTRATO DE OBRAS
POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO****Expediente núm.:196/2018****Proposta do Servizo****Procedemento:** Contrato de *Obras* por Procedemento Aberto Simplificado**Asunto: AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE: O MATO, BOUZAS DE GARABÁS, AS QUINTÁS, CANEDO, SAN PAIO, O BOLO, CARREIRA DE LOUREDO, GARABÁS.****Documento asinado por:** *Alcalde.***PROPOSTA DO SERVIZO**

Á vista da memoria xustificativa da necesidade de contratación e dos seguintes antecedentes:

O estado actual do alumeado público exterior obxecto do presente expediente fai que sexa preciso realizar de forma urxente labores de mantemento para permitir a duración das infraestruturas e servizos públicos, deterioradas tanto polo uso como polas condicións climáticas.

Por este motivo, foi solicitada a redacción dun proxecto para a contratación e posterior realización da obra de **AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE: O MATO, BOUZAS DE GARABÁS, AS QUINTÁS, CANEDO, SAN PAIO, O BOLO, CARREIRA DE LOUREDO, GARABÁS.**

Para a execución da citada actuación esta Alcaldía decidiu proceder a licitación, por non ter o concello de Maside nin medios persoais nin materiais para a súa execución.

As obras descritas no citado proxecto están incluídas dentro do Programa Operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER) de crecemento sostenible 2014-2020, cofinanciado polo FEDER e fondos propios do Concello.

O FEDER, mediante Resolución de 25 de marzo de 2019, outorgou ao Concello de Maside unha subvención polo importe de 102.773,04€.

Expediente	Procedemento
196/2018	AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE: O MATO, BOUZAS DE GARABÁS, AS QUINTÁS, CANEDO, SAN PAIO, O BOLO, CARREIRA DE LOUREDO, GARABÁS

Necesidade a satisfacer:

Cambiar as luminarias existentes por outras novas de tecnoloxía LED para reducir o consumo de enerxía eléctrica, emisión de gases de efecto invernadoiro e regular os



CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO

niveis de iluminación segundo os diferentes horarios nocturnos e tipos de vías axustándose ás necesidades dos cidadáns.

Características do contrato:

Tipo de contrato: CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO	
Obxecto do contrato: AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE. O MATO, BOUZAS DE GARABÁS, AS QUINTÁS, CANEDO, SAN PAIO, O BOLO, CARREIRA DE LOUREDO, GARABÁS.	
Procedemento de contratación: aberto simplificado	Tipo de Tramitación: ordinaria
Código CPV:4536000-5	
Valor estimado do contrato:124.288,57€	
Orzamento base de licitación IVE excluído:102.717,83€	IVE%:21%
Orzamento base de licitación IVE incluído:124.288,57€	
Duración da execución: 4 MESES	

En canto á competencia do órgano de contratación, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, determínase:

Órgano competente:

Importe dos recursos do orzamento	Valor estimado do contrato	% sobre os recursos	Órgano de contratación
1.840.000,00€	124.288,57€	<10%	Alcalde

Á vista das características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

O Alcalde,
José Manuel Iglesias Araujo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE